

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 01/10/2020 (correspondente ao mes de setembro)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:15 do día 01/10/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, das actas das Sesións anteriores de datas 30 de xullo e 27 de agosto de 2020.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de agosto de 2020.

3.- Toma de posesión do cargo do Concelleiro por parte de D. Juan Marcos Alcalde Vázquez.

4.- Aprobación, se procede, da determinación das Festas de carácter Local para o ano 2021.

5.- Aprobación, se procede, do Expediente de Modificación de crédito por suplemento de crédito para gastos xerados pola xestión da crise sanitaria pola COVID-19 N° 01/SC/2020 e autorización do emprego do Fondo de Continxencia para o seu financiamento (Int/2020/418).

6.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas. .

7.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG para o arranxo de diferentes deficiencias e melloras na Parroquia de Sobradelo.

8.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG para que a Xunta de Galiza proporcione os datos da evolución da pandemia aos Concellos.

9.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila sobre recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos polas restricións de mobilidade debido á COVID-19.

10.- Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia da Concelleira de Cultural Dona Sonia Outón Casal formulada polo Grupo Municipal Popular en relación coas Festas de San Roque.

11.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

14.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 30 DE XULLO E 27 DE AGOSTO DE 2020.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das citadas actas de datas 30 de xullo e 27 de agosto de 2020

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

Nº DESCRICIÓN

- | | |
|----|---|
| 1 | Reclamación de transferencias |
| 1 | Ampliación prazo licitación |
| 1 | Resolución horario apertura ocio nocturno |
| 1 | Aprobación Plan de Seguridade e Saúde |
| 1 | Personación contencioso administrativo PO178/2020 interposto por Bermor Abogados |
| 1 | Autorización Alcalde como perceptor de pagos a xustificar en substitución de Concelleira de Facenda |
| 2 | Expte. Xeración de Créditos |
| 1 | R.O. Factura seguro responsabilidade civil Festas de San Roque |
| 1 | Rectificación erro aritmético en expte. Xeración de crédito |
| 1 | Autorización apertura centros comerciais día 15 de agosto |
| 1 | Expte. Sancionador por infracción de horarios |
| 1 | Expte. Sancionador por infracción ruidos |
| 1 | Contratación substitución Xefa de Servizo |
| 1 | Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina servizos prestados en domingo |
| 1 | Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina servizos prestados en festivo |
| 1 | Recoñecemento de obriga e aboamento en nómina nocturnidade Policía Local |
| 11 | Nomeamento profesorado Escola de Música e Conservatorio Municipal de Música |
| 8 | Substitución de posto de categoría superior |
| 1 | Pago Comisión TPV agosto |
| 19 | Orde pago expedientes |
| 1 | Pago préstamo Banco Sabadell agosto |
| 1 | Aprobación padrón axuda no fogar Abril |
| 1 | Compensación débedas |
| 2 | Estimación/desestimación recursos |
| 1 | Concesión de licenza de primeira ocupación |
| 1 | Conformidade proxecto de execución de vivenda |
| 4 | Concesión de licenza para acometida de auga e/ou saneamento |
| 1 | Concesión licenza para demolición parcial de edificación |
| 1 | Concesión de prórroga de licenza |
| 2 | Concesión de licenza de segregación |
| 23 | Comunicación previa |
| 1 | Recurso contencioso-administrativo |
| 1 | Deber de conservación |
| 10 | Incoación procedemento sancionador |
| 23 | Concesión de licenza de obra |
| 1 | Reposición da legalidade Urbanística |
| 1 | Pago parte axudas actividade económica Concello |
| 1 | Concesión de licenza para mellora accesibilidade a Centro de Saúde de San Roque |

TOTAL 132

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Juan Marcos Alcalde Vázquez por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo de PP ás eleccións Locais de 26 de maio de 2019, en substitución e por renuncia de D. D. Alfonso Ramón González Gallego e previa renuncia anticipada de Dona Sagrario Castro Vidal e Dona Begoña Lorda Cancelo.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Alcalde Vázquez xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución, segundo a fórmula seguinte: "xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo esta fórmula, empregando a seguinte expresión:

XURO pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

O Sr. Alcalde faille entrega da medalla da Corporación e dalle a benvida.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2021: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do calendario laboral para o ano 2021.

O Concello debe remitir á Xefatura Territorial a proposta de festas locais para o ano 2021 aprobada polo Pleno do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes

na Comisión informase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2021, para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2021 para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2021 para os días 22 de maio (Santa Rita) e 16 de agosto (San Roque).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITO POR SUPLEMENTO DE CREDITO PARA GASTOS XERADOS POLA XESTIÓN DA CRISE SANITARIA POLA COVID-19 Nº 01/SC/2020 E AUTORIZACIÓN DO EMPREGO DO FONDO DE CONTINXENCIA PARA O SEU FINANCIAMENTO-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 01/SC/2020

ANTECEDENTES

1.- O pasado 13 de marzo o Goberno da Nación declaraou o Estado de Alarma Sanitaria pola pandemia da COVID-19, dende entón xunto coas medidas orientadas a protección da saúde pública, o conxunto das administracións públicas veuse obrigado a adoptar outra serie de medidas que de xeito coordinado e transversal permitirán facer fronte ou canto menos paliar, os efectos económicos e sociais provocados pola crise sanitaria.

Este Concello, ten adoptado diversas liñas de actuación que poden reconducirse a dous obxectivos claros e prioritarios, a asistencia social os máis desfavorecidos e afectados por esta crise xunto coa reactivación da economía local.

Se ben, xunto con estas políticas de xestión municipal, resultou e segue a resultar imperativo asumir outro tipo de gastos que traen causa directa da pandemia, tales como reforzados dos servizos de limpeza, desinfeccións, subministros de todo tipo de material de protección para o persoal municipal, adquisicións de medios materiais e informáticos que garantan a asistencia da cidadanía ás instalacións municipais nun clima de seguridade e protección...etc

Todo este gasto extraordinario non foi dotado nos orzamentos 2020, resulta evidente que o crédito consignados nos diferentes programas de gastos resulta insuficiente para poder compatibilizar o cumprimento da normativa pola COVID-19 o tempo que se asegura o normal desenvolvemento dos servizos públicos.

Tendo en conta que o Concello de vilagarcía de Arousa conta cun Fondo de Continxencia para facer fronte a gastos imprevistos e inaprazables no que podería ter cabida os expedientes de gastos derivados da xestión desta crise sanitaria.

2.-No informe de Intervención acredítase a viabilidade financeira deste gasto extraordinario dentro do exercicio 2020 previa tramitación dun expediente de suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións orzamentarias non comprometidas da cordo co seguinte esquema de financiamento:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
		IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE	
929	500	CONTINXENCIA	131.931,11

		TOTAL	131.931,11
--	--	-------	------------

3.- Da cordo coa base 31ª das BEO estaríamos ante un gasto non discrecional encadrable nos requisitos obxectivos para a aplicación do Fondo de Continxencia dotado na aplicación 929-500 do orzamento de gastos.

Co fin de evitar que o normal desenvolvemento dos servizos se vexa afectado por insuficiencia de crédito debido a asunción de gastos non orzamentados e derivados da xestión da crise sanitaria pola COVID-19.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a base 31ª das BEO 2020, e o artigo 18.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de 131.931,11€ para financiar o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2020.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2020, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS ALTA	IMPORTE/€
135	22199	EMERXENCIAS-OUTROS SUBMINISTROS	38.620,51
135	22700	EMERXENCIAS-LIMPEZA E ASEO	3.611,12
323	22700	EDUC. PREESCOLAR-TRABALLOS LIMPEZA REAL. POR EMP.	2.448,14
3261	22699	CONSERVATORIO-OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.800,12
3261	22700	CONSERVATORIO-LIMPEZA E ASEO	1.820,88
920	22199	ADMÓN. XERAL.-OUTROS SUBMINISTROS	22.700,30
		ADMÓN. XERAL-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E	
920	22799	PROFESIONAIS	943,80
926	22602	ÁREA COMUNIC.SOCIAL-PUBLICIDADE E PROPAGANDA	9.016,73
323	48007	EDUC. PREESCOLAR-AXUDAS ESCOLAS INFANTÍS	50.969,51
		TOTAL	131.931,11

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
		IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE	
929	500	CONTINXENCIA	131.931,11
		TOTAL	131.931,11

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 131.931,11€ con destino o financiamento do expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2020, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito Nº 01/SC/2020, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas. TO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito Nº 01/SC/2020 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2020 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente por canto máis tempo transcorra é previsible que a viabilidade financeira dos programas afectados poida verse comprometida, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e

preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O ALCALDE,

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de Modificación de Crédito por Suplemento de Crédito para gastos xerados pola xestión da crise sanitaria pola COVID-19 N° 01/SC/2020 e autorización do emprego do Fondo de Continxencia para o seu financiamento.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de 131.931,11€ para financiar o expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2020.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2020, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS ALTA	IMPORTE/€
135	22199	EMERXENCIAS-OUTROS SUBMINISTROS	38.620,51
135	22700	EMERXENCIAS-LIMPEZA E ASEO	3.611,12
323	22700	EDUC. PREESCOLAR-TRABALLOS LIMPEZA REAL. POR EMP.	2.448,14
3261	22699	CONSERVATORIO-OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.800,12
3261	22700	CONSERVATORIO-LIMPEZA E ASEO	1.820,88
920	22199	ADMÓN. XERAL.-OUTROS SUBMINISTROS	22.700,30
		ADMÓN. XERAL-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E	
920	22799	PROFESIONAIS	943,80
926	22602	ÁREA COMUNIC.SOCIAL-PUBLICIDADE E PROPAGANDA	9.016,73
323	48007	EDUC. PREESCOLAR-AXUDAS ESCOLAS INFANTÍS	50.969,51
		TOTAL	131.931,11

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
		IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE	
929	500	CONTINXENCIA	131.931,11
		TOTAL	131.931,11

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 131.931,11€ con destino o financiamento do expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2020, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito N° 01/SC/2020, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para

resolves. TO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito N° 01/SC/2020 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2020 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente por canto máis tempo transcorra é previsible que a viabilidade financeira dos programas afectados poida verse comprometida, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Anxo Lua Areas e/n Asociación de Veciños/as de Sobradelo en relación coa moción do Grupo Municipal do BNG para o arranxo de diferentes deficiencias e melloras na Parroquia de Sobradelo

A seguir intervén D. Anxo Lua Areas, en representación da Asociación de Veciños/as de Sobradelo en relación coa moción do BNG sobre o o arranxo de deficiencias e melloras en Sobradelo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA O ARRANXO DE DIFERENTES DEFICIENCIAS E MELLORAS NA PARROQUIA DE SOBRADELO. Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 16 de setembro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O ARRANXO DE DIFERENTES DEFICIENCIAS E MELLORAS NA PARROQUIA DE SOBRADELO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG, recollemos as demandas da asociación de veciños de Sobradelo, entendendo que son reivindicacións máis que xustas e necesarias.

As veciñas e veciños de Sobradelo, enfróntanse cada día con problemas de seguridade viaria, direccionalidade de tráfico, de sinalización e organización de rúas, así como de acondicionamentos de espazos de uso público, falta de beirarrúas...

Veciñas e veciños de rúas, como a rúa Sobradelo, que ven como os vehículos transitan a velocidades excesivas ao pé das súas portas poñendo en risco a integridade das persoas que alí viven ou que pasan de maneira frecuente, xa que se atopan neste contorno o centro cultural e a igrexa parroquial.

Problemas no acceso de vehículos na zona de Vilaboa polo estreito dos seus viais e a dobre dirección dos mesmos, o que de xeito constante provoca colapsos e incluso choques frecuentes, coa correspondente problemática asociada do tránsito a pé na mesma zona.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Arranxar a pavimentación do campo do Outeiro, Sobradelo.
 2. Facer un estudo de tráfico nas zonas de Vilaboa, Rosaleda e rúa Sobradelo para establecer as medidas axeitadas para o bo desenvolvemento da mobilidade a pé e en vehículo (Sinalización, asfaltado e pintado das vías, direccións únicas..).
 3. Establecemento de sinais que indiquen non só a parroquia, senón tamén os puntos de interese: casa de cultura, igrexa, praias...
 4. Renumeración das rúas na Rosaleda para que sexan correlativas para facilitar o traballo dos distintos servizos.
 5. Construción de beirarrúas na Rúa Wenceslao Fernández Flórez para establecer un camiño seguro para os peóns.
 6. Establecemento de medidas de calmado de tráfico na Rúa Sobradelo.
- Vilagarcía de Arousa, 16 de setembro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para o arranxo de diferentes deficiencias e melloras na Parroquia de Sobradelo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Arranxar a pavimentación do campo do Outeiro, Sobradelo.
2. Facer un estudo de tráfico nas zonas de Vilaboa, Rosaleda e rúa Sobradelo para establecer as medidas axeitadas para o bo desenvolvemento da mobilidade a pé e en vehículo (Sinalización, asfaltado e pintado das vías, direccións únicas..).
3. Establecemento de sinais que indiquen non só a parroquia, senón tamén os puntos de interese: casa de cultura, igrexa, praias...
4. Renumeración das rúas na Rosaleda para que sexan correlativas para facilitar o traballo dos distintos servizos.
5. Construción de beirarrúas na Rúa Wenceslao Fernández Flórez para establecer un camiño seguro para os peóns.
6. Establecemento de medidas de calmado de tráfico na Rúa Sobradelo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALIZA PROPORCIONE OS DATOS DA EVOLUCIÓN DA PANDEMIA AOS CONCELLOS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 16 de setembro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA QUE A XUNTA DE GALIZA PROPORCIONE OS DATOS DA EVOLUCIÓN DA PANDEMIA AOS CONCELLOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presenza da pandemia derivada do COVID 19, como nova normalidade, fixo que sexan moitas as rutinas e hábitos as que se mudaran. Dende o BNG entendemos que a loita na superación das súas consecuencias debe ser unha prioridade de todos e todas a nivel individual e de maneira especial, da Xunta de Galiza con competencias para facer fronte á crise sanitaria e económica.

Estamos dentro dunha pandemia global na que está en xogo a vida e saúde, polo que todas as medidas que se poidan adoptar para combatela, son poucas. Neste sentido, e despois de 6 meses, o confinamento deixounos unha lección, o primeiro é protexer a vida e saúde das persoas e para facelo eficazmente é necesario contar con protocolos claros e con redes de colaboración entre as distintas institucións. Non se entende que a Xunta dirima as súas competencias nos concellos, mentres estes, non teñen información oficial da evolución da pandemia nos mesmos.

Para os concellos é fundamental coñecer os datos á hora de optimizar a xestión e prever situacións de risco. Non pode ser que os concellos teñan que suspender actividades con menos de 24 horas de antelación ou reducir os seus

aforos, por falta de información, nun momento no que é crucial que as administracións públicas sigan reactivando a actividade económica e social. Para facelo con garantías e nas mellores condicións, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a facilitar os datos por concello da evolución da pandemia derivada da COVID 19, así como os recursos necesarios para facer fronte ás necesidades derivadas da mesma.

Vilagarcía de Arousa, 16 de setembro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para que a Xunta de Galiza proporcione os datos da evolución da Pandemia aos Concellos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG e Instar á Xunta de Galiza a facilitar os datos por concello da evolución da pandemia derivada da COVID 19, así como os recursos necesarios para facer fronte ás necesidades derivadas da mesma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA SOBRE RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS SUPRIMIDOS POLAS RESTRICIÓN DE MOBILIDADE DEBIDO Á COVID 19. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, coa data de 15 de setembro de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

Recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos polas restricións de mobilidades debido á COVID19

A pandemia pola COVID 19, e a posterior aprobación do Estado de Alarma, supuxo serias restricións de mobilidade que repercutiron na redución de servizos no transporte público, como é o caso do transporte ferroviario no que se suprimiron un importante número de servizos. Unha vez levantado o Estado de Alarma, algúns deses servizos foron recuperándose moi paulatinamente, pero, a día de hoxe, non se restituíron na súa totalidade. Este é o caso do tramo que une A Coruña-Vigo, no que constan catro servizos suprimidos, o que afecta directamente a Vilagarcía e comarca. Cabe recordar que a estación de Vilagarcía ten un gran número de persoas usuarias, que en 2016 se situaban en 626.800, do que resultaban 1.717 persoas diarias.

A pesar da evidencia dos datos, Vilagarcía, xunto con Galicia, conta con desvantaxes que reflecten un baixo compromiso cun verdadeiro desenvolvemento e cohesión do territorio a través do transporte público, nomeadamente o ferrocarril. Pola súa excelente localización, Vilagarcía conta con enormes potencialidades aínda por desenvolver e que repercutirían no desenrolo económico e social do territorio. Estas dúas cuestións foron postas sobre a mesa por diferentes gobernos noutras lexislaturas (sen avances claros nese senso polo momento): o servizo de cercanías e a estación intermodal.

Unha vez superadas as restricións de mobilidade derivadas da emerxencia sanitaria, coincidindo ademais co comezo do novo curso político e a constitución do Parlamento de Galicia, consideramos pertinente a normalización e restauración dos servizos públicos que nos faciliten a incorporación á vida e á normalidade. Cabe recordar que o tren é un importante medio de desprazamento, tanto de persoas que o empregan día a día para desenvolver as súas actividades profesionais, como de estudantes que o fan para acudir a distintas universidades galegas. É incomprensible que co próximo comezo de curso, e o previsible aumento de persoas usuarias,

non se restauraran aínda as liñas suprimidas co conseguinte prexuízo e a desincentivación do uso do tren. Por poñer un exemplo, unha persoa que hoxe queira estar en Compostela sobre as 9:00 para realizar calquera actividade, deberá coller un tren con saída ás 07:15, cando fai un ano podía optar por un servizo que partía ás 07:42. Isto agrávase no caso de persoas que se despracen dende outros concellos da comarca, que ademais, previsiblemente, deberán facelo por medios diferentes ao transporte público por mor da falta de conexión intermodal, e farano pagando un billete que se estima ata 1€ máis caro do que se pagaría noutras comunidades en traxectos de similares características por carecer Galicia de servizo de cercanías.

Marea da Vila considera que a saída da crise da COVID19 debe facerse pola vía dos dereitos e da igualdade. Un transporte público capaz de cohesionar o territorio e garantindo o acceso a todas as persoas, independentemente das súas condicións socioeconómicas, é, sen dúbida, unha das ferramentas fundamentais para reducir as desigualdades, ademais de reducir o impacto medioambiental que xeran os desprazamentos no vehículo particular, especialmente no caso do ferrocarril.

Por todo isto, o Grupo Municipal Marea da Vila a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

-O Concello de Vilagarcía instará ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a inmediata recuperación por parte de RENFE de todas as liñas suprimidas no traxecto do ferrocarril Vigo-A Coruña.

-O Concello de Vilagarcía solicitará ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o estudo das posibilidades para a creación de servizos de cercanías en Galicia que inclúa conexións para Vilagarcía.

-O Concello de Vilagarcía solicitará ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á realización dun proxecto para implantar a intermodalidade para Vilagarcía e a Comarca.

E para que así conste, en Vilagarcía de Arousa, con data 15 de setembro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal de Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos polas restricións de mobilidade debido á COVID-19.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e:

-Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a inmediata recuperación por parte de RENFE de todas as liñas suprimidas no traxecto do ferrocarril Vigo-A Coruña.

- Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o estudo das posibilidades para a creación de servizos de cercanías en Galicia que inclúa conexións para Vilagarcía.

-Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á realización dun proxecto para implantar a intermodalidade para Vilagarcía e a Comarca.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE CULTURA DONA SONIA OUTÓN CASAL FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN COAS FESTAS DE SAN ROQUE. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 1 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude de comparecencia presentada polos concelleiros/as integrantes do Grupo Municipal Popular, coa data de 16 de setembro de 2020, seguinte:

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE CULTURA, D^a SONIA OUTÓN CASAL

O programa de festas do verán de 2020 non foi executado segundo as previsións do Concello de Vilagarcía, nin segundo o orzamento presentado polo goberno local. A incidencia da Covid-19 tivo os seus efectos no número de actuacións organizadas, así como no modo de levalas a cabo. O goberno local, mediante a súa concelleira delegada do área, Dona Sonia Outón, ten que explicar á cidadanía cal foi o destino de cada unha das partidas económicas previstas para o programa de festas, así como aclarar cales das partidas non puideron ser executadas e a que se van adicar eses recursos económicos.

En defensa da transparencia na xestión, o Grupo Municipal do Partido Popular formula as seguintes cuestións para que a responsable municipal informe das xestións realizadas e das partidas afectadas:

- ¿Que actos/eventos previstos no programa de festas do verán 2020 puideron celebrarse e cales non? (Listaxe detallada, con datas e lugares).
- ¿Que razóns en concreto impediron a celebración de cada un dos eventos previstos?
- ¿Cantos espectadores tiveron cada un dos eventos organizados?
- ¿Houbo algún evento no que non se puidese controlar o distanciamento social do público asistente? ¿Cales e por que?
- ¿Cal foi o custo final de cada un dos eventos celebrados? (Listaxe detallada) ¿E en total?
- ¿Cal é a cantidade económica total prevista dos eventos non celebrados?
- ¿Houbo algún evento que non se puidese celebrar que sen embargo conlevase algún custo económico?. ¿Cales e por que?
- No caso de que houbo seguros contratados para determinados eventos, ¿cal foi a razón esgrimida polo goberno local e cal a resposta da/s compañía/s aseguradora/s en caso de suspensión dos actos?
- No caso do Combate Naval, que foi modificado o seu formato para despois ser suspendido: ¿Conlevou algún tipo de gasto? ¿A canto ascendeu? ¿A que se debeu?
- ¿O seguro contratado para o Combate Naval cubre a suspensión polas razóns aparelladas ós efectos da COVID-19?
- ¿Cales foron finalmente os gastos referidos á Noite Meiga? (Listaxe detallada)
- ¿Cal é o importe final pagado polas arcas municipais á SGAE referente ó programa de festas?
- ¿Que producións técnicas foron finalmente pagadas e cales non? (Listaxe detallada)
- ¿Que cantidade económica exacta se gastou do total da partida PRP2020/2698 (23.430,00€), pendiente de xutificación? ¿E cales das actividades previstas se levaron a cabo e cales non?
- ¿En que datas se tomou a decisión de suspender/modificar os diferentes eventos previstos no programa de festas? (Listaxe detallada)
- ¿A iluminación de San Roque foi a inicialmente prevista? ¿A canto ascende o custo da iluminación finalmente instalada?

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do BNG e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e

Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a comparecencia da Concelleira de Cultura Dona Sonia Outón Casal, indicando que de aprobarse no Pleno que se celebra a continuación, a Concelleira comparecerá no próximo Pleno Ordinario de outubro de 2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia da Concelleira de Cultura Dona Sonia Outón Casal, na seguinte sesión plenaria que se celebre.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido ás normas de distancia social polo COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201001&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.